

**Resolución conxunta do 17 de novembro de 2023 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social e Xuventude pola que se convoca o programa educativo Obradoiros Talento Mozo 2024 dirixido a centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no curso 2023/2024.**

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, en relación co fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, establece na súa disposición adicional vixésimo quinta as actuacións que os centros educativos sostidos parcial ou totalmente con fondos públicos realizarán co fin de favorecer a igualdade de dereitos e oportunidades, así como as medidas que permitan desenvolver o principio de coeducación en todas as etapas educativas, de conformidade co disposto pola Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, estipula no seu artigo 3 que as normas sobre convivencia nos centros docentes oriéntanse, entre outros fins, á educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar dispón que todos os membros da comunidade educativa son axentes responsables da convivencia escolar nos termos establecidos neste decreto, e velarán pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.



Un dos principios que sustentan a Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025, "Educonvives 2025" é a coeducación como estilo educativo que implica educar no respecto e na promoción dos dereitos e as liberdades fundamentais, na consecución efectiva da igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas en función da súa condición sexual.

Unha política xuvenil eficaz precisa da articulación de actuacións conxuntas e coordinadas entre distintos departamentos da Xunta de Galicia que teñan intereses comúns e obxectivos coincidentes, sumando esforzos para o desenvolvemento integral da mocidade galega. Nesta liña a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social e Xuventude, no ámbito das súas respectivas competencias, promoven a posta en marcha dunha nova actuación no marco do programa Talento Mozo Galicia.

De acordo co anteriormente exposto, ambas direccións xerais

## RESOLVEN

### **Primeiro. Obxecto**

1. Esta resolución ten por obxecto regular o programa Obradoiros Talento Mozo 2024 dirixido a centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e establecer as bases para a súa participación.
2. O programa Obradoiros Talento Mozo 2024 é un programa de educación non formal no ámbito educativo que tratará de visibilizar a creatividade, a innovación e o impulso da xente moza a través da realización de 30 obradoiros en centros de educación secundaria obrigatoria repartidos polas catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia. Mozas e mozos con experiencia en diferentes ámbitos



profesionais como a empresa, o deporte, a cultura e a creación, o rural, a ciencia ou o voluntariado, relatarán ante o alumnado de 3º e 4º curso da educación secundaria obrigatoria a súa experiencia vital e laboral para, a continuación, manter un coloquio no que se fomente a participación activa do alumnado asistente.

### **Segundo. Obxectivo xeral**

O obxectivo do programa é dar a coñecer traxectorias relevantes de mozas e mozos galegos que pola súa creatividade, innovación e impulso destacan profesionalmente en ámbitos diversos, á vez que se pretende estimular e incentivar a análise e reflexión no alumnado receptor.

### **Terceiro. Obxectivos específicos**

Os obxectivos específicos do programa son:

- Expoñer experiencias próximas e reais da mocidade que amplíen o campo de referencia para o alumnado participante.
- Resolver dúbidas do ámbito laboral por parte dunha persoa que actualmente traballa ou se formou naquilo ao que o alumnado se quere adicar.
- Falar dos problemas, así como das posibles solucións, que lles xurdiron aos mozos e mozas participantes e que lles fixeron chegar ata onde se encontran hoxe en día.
- Coñecer cal é o estilo de vida, o día a día ou os futuros retos das persoas relatoras co fin de xerar un espazo de confianza e próximo co alumnado.
- Fomentar a participación real dos alumnos e alumnas durante o desenvolvemento do programa.
- Promover o desenvolvemento das habilidades persoais dos participantes.

### **Cuarto. Alumnado destinatario**

O programa Obradoiros Talento Mozo 2024 está dirixido ao alumnado de 3º e 4º da educación secundaria obrigatoria que curse os seus estudos nalgún dos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que participe nesta convocatoria.



O número de participantes recomendado é dunha clase, se ben establécese a posibilidade de participar máximo dúas clases.

### **Quinto. Descrición do programa e planificación**

Obradoiros Talento Mozo 2024 é un programa de educación non formal no ámbito educativo, promovido pola Consellería de Política Social e Xuventude coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que se desenvolve a través de obradoiros participativos.

Neles, daranse a coñecer as experiencias profesionais e de vida de diferentes mozos e mozas galegos para inspirar os alumnos de educación secundaria obrigatoria. Realizaranse 30 obradoiros de 2 horas de duración ao longo dos meses de febreiro, marzo e abril nos que participarán un máximo de dous mozos/as talentosos e un moderador. Nas sesións, que terán un marcado formato informal para promover a proximidade co alumnado, abordaranse temáticas para traballar na aula como promover o esforzo e o desenvolvemento persoal; potenciar as habilidades persoais para acadar metas profesionais; poñer en valor a importancia "do percorrido" e non só do resultado final; reflexionar sobre o concepto de éxito; coñecer todas as oportunidades que existen en Galicia para poder desenvolver unha carreira profesional e, en definitiva, mostrar experiencias próximas e reais que sirvan de referencia.

Ademais das temáticas, os obradoiros basearanse nunha proposta gamificada con moita interacción co alumnado, As persoas participantes dividiranse en diferentes equipos de traballo. Empregando o xogo e a dinámica grupal, realizarase unha posta en común das conclusións da dinámica e un coloquio final.

### **Sexto. Prazo de solicitude**

As solicitudes enviaranse ao enderezo electrónico asesoria.igualdade@edu.xunta.gal co seguinte asunto: Solicitude Talento Mozo 2024. O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais contados a partir da publicación desta convocatoria en <https://www.edu.xunta.gal/portal/>



### **Sétimo. Selección dos centros**

Os centros seleccionaranse segundo a orde de entrada da solicitude no enderezo electrónico sinalado, ata un máximo de 30 centros participantes, e promovendo o equilibrio territorial de xeito que se seleccionarán 9 centros nas provincias de A Coruña e Pontevedra e 6 nas de Lugo e Ourense. No caso de que non haxa solicitudes suficientes para algunha provincia, se atenderá de novo á orde de entrada das solicitudes para seleccionar o centro.

### **Oitavo. Calendario**

Os obradoiros terán lugar ao longo dos meses de febreiro, marzo e abril. As datas e horarios concretos de realización determinaranse de común acordo entre os departamentos de orientación dos centros educativos participantes e o persoal técnico da subdirección xeral do Instituto da Xuventude de Galicia.

### **Noveno. Resolución**

Unha vez rematado o proceso de selección publicarase a resolución definitiva no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).

Contra esa resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado desde o seguinte ao da súa publicación no portal educativo desta consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>), segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.



#### **Décimo. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal**

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeralproteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/protecciondatospersoais>



No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

Judith Fernández Novoa  
Directora xeral de Ordenación  
e Innovación educativa

Cristina Pichel Toimil  
Directora Xeral de Xuventude  
Participación e Voluntariado

